



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la selección por parte de la UE de la mina de Doade en Beariz como proyecto estratégico de materias primas críticas.**

El 25 de marzo se presentó en Bruselas la selección de los primeros 47 proyectos estratégicos de materias primas críticas con los que la UE pretende reducir su dependencia de países extracomunitarios. Esto forma parte del desarrollo de la Ley de Materias Primas Críticas, que tiene como objetivo garantizar la extracción, el procesamiento y el reciclaje europeos de materias primas estratégicas para satisfacer la demanda de la UE en 2030. Cabe destacar que, en esta lista hecha pública, el Estado español es el segundo, después de Francia, con más puntos en extracción de materias primas.

Es preocupante que se anuncien facilidades para iniciar actividades mineras sin un análisis riguroso de las consecuencias ambientales y sociales que la extracción podría tener sobre el territorio. Así, la UE afirma que simplificará los trámites administrativos para que la obtención de permisos sea más rápida. De hecho, se indica que no superará los 27 meses para proyectos de extracción y los 15 meses para proyectos de procesamiento y reciclaje cuando el tiempo promedio de estas autorizaciones se sitúa entre los 5 y 10 años.

Entre los 7 proyectos identificados como prioritarios por la Comisión Europea en España se encuentra la mina de litio de Doade en Beariz. Paradójicamente, la Comisión Europea afirma que eligió proyectos como el de la mina de Doade, en Galicia, tanto por su capacidad para contribuir al suministro de dichas materias primas como por sus «estándares ambientales y sociales, su viabilidad técnica y sus beneficios transfronterizos».

Sin embargo, es preciso recordar que la mina de Doade ya tuvo un intento de apertura en 2020 y que se vio frustrado por la denegación de la autorización por parte de la Xunta de Galicia, tras un informe negativo de la Concesión de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, por su afectación a los acuíferos. El proyecto fue conocido como Alberta I, de la empresa Recursos Minerais de Galiza del grupo Samca. Es decir, fue rechazado por su impacto ambiental.



Recientemente, la empresa ha vuelto a presentar la solicitud de explotación ante la Consejería de Economía, Empleo e Industria, que aún no ha resuelto el expediente, pero el impulso de la Comisión Europea podría condicionar la nueva contestación del Gobierno gallego.

El proyecto Doade incluye una mina subterránea y una planta de tratamiento de minerales en un área que abarca los municipios de A Lama, Cerdedo-Cotobade y Beariz. Se explotará la pegmatita, una roca rica en litio y feldespatos que se utiliza en la industria tecnológica. El litio es un mineral fundamental en la tecnología militar y se utiliza tanto en equipamientos como en armamento.

Esta operación minera se enmarca por tanto en el Plan de Rearme de la UE para destinar su materia prima a la carrera armamentística. Una apuesta por el rearme que implicará un mayor gasto de fondos públicos y que, necesariamente, implicará una reducción del gasto social sin que ello se traduzca en una mejora de la seguridad. Por el contrario, servirá para seguir alimentando la escalada belicista haciendo seguidismo de la geoestrategia atlantista al dictado de la OTAN y de los EE. UU.

En resumen, el proyecto de la mina de Doade, a pesar de sus problemas ambientales y su impacto social, podría verse ahora acelerado y facilitado en línea con la política de rearme y de no dependencia comercial. La apertura de la mina de Doade fue rechazada hace cuatro años debido al riesgo de contaminación de las aguas. No se puede permitir que la carrera armamentista sea la que ahora condicione y obligue a iniciar la actividad minera.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Qué consideraciones realiza el Gobierno respecto de la inclusión en la primera lista de proyectos estratégicos de materias primas de la UE de la mina gallega de Doade (Ourense)?
2. ¿Tenía el Gobierno conocimiento previo de esta elección? ¿Fue consultado o informado por parte de la Comisión Europea? ¿En caso afirmativo, dio luz verde al proyecto de la mina Doade en Beariz?
3. ¿Sabe que la autorización del proyecto de la mina Doade en Beariz ya fue denegada por la Xunta de Galicia en 2020 tras un informe negativo sobre la Concesión de Explotación por parte de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil por su afectación a los acuíferos de la zona? ¿Cómo se puede autorizar ahora si se trata del



mismo proyecto?

4. ¿Considera vigente el informe negativo de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil de hace cuatro años? ¿De ser así, se opondrá a la apertura de la mina? ¿En caso contrario, como explica el cambio de posición?
5. ¿Se respetarán los procedimientos y expedientes medioambientales obligatorios a pesar de la presión de la UE para una regulación de urgencia?
6. ¿Comparte el Ministerio que en este caso la UE está priorizando sus intereses en favorecer a la industria militar y armamentística por encima de la preservación del medioambiente y los impactos que la mina tendrá en los municipios de A Lama, Cerdedo-Cotobade y Beariz?
7. ¿Qué valoración hace el Gobierno del cambio de políticas comunitarias de los últimos años basado en la aprobación de supuestos planes y medidas verdes, para la sostenibilidad y la lucha contra el Cambio Climático, cuando ahora pretenden acelerar procesos burocráticos para aprobar proyectos mineros sin considerar el impacto ambiental y el coste social como en el caso de la mina de Doade?

Madrid, a 19 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

19 ABR. 2025 22:40:46

Entrada **65661**

## Sobre a selección pola UE da mina de Doade como proxecto estratéxico de materias primas críticas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á selección por parte da UE da mina de Doade en Beariz como proxecto estratéxico de materias primas críticas.**

O 25 de marzo era presentada en Bruxelas a selección dos primeiros 47 proxectos estratéxicos de materias primas críticas cos que a UE pretende reducir a súa dependencia de países non comunitarios. Fai parte do desenvolvemento da Lei de Materias Primas Críticas cuxo obxectivo é garantir a extracción, proceso e reciclaxe europeo de materias primas estratéxicas para satisfacer a demanda da UE en 2030. Cabe destacar que, nese listado feito público, o Estado español é o segundo, despois de Francia, con máis puntos para a extracción de materias primas.

Preocupa que se anuncien facilidades para comezar actividades mineiras sen unha análise rigorosa das consecuencias ambientais e sociais que a extracción poda ter no territorio. Así, a UE di que vai simplificar a tramitación administrativa para que sexa máis rápida a obtención dos permisos. De feito, indícase que non superará os 27 meses para os proxectos de extracción e de 15 meses para os de procesado e reciclado cando a media de tempo para estas autorizacións sitúase entre os 5 e 10 anos.

Entre os 7 proxectos sinalados como prioritarios pola Comisión Europea no Estado español figura a mina de litio en Doade en Beariz. Paradoxalmente, a Comisión Europea alega que elixiu proxectos como o da mina de Doade na Galiza, tanto pola súa capacidade de contribuír á subministración das





devanditas materias primas como polos seus “estándares ambientais e sociais, a súa factibilidade técnica e os seus beneficios transfronteirizos”.

Porén, é preciso lembrar que a mina de Doade xa tivo un intento de apertura en 2020 e que foi frustrado pola denegación de autorización por parte da Xunta de Galiza, tras un informe negativo da Concesión de Explotación da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, debido á súa afectación aos acuíferos. O proxecto coñecía-se como Alberta I, da empresa Recursos Minerais de Galiza do grupo Samca. É dicir, foi rexeitado polo seu impacto ambiental.

Recentemente, a empresa volveu presentar a solicitude de explotación á Consellería de Economía, Emprego e Industria que aínda non resolveu o expediente mais, o impulso da Comisión Europea, pode condicionar a nova resposta do Goberno galego.

O proxecto de Doade contempla unha mina subterránea e unha planta de tratamento de minerais nunha zona que abarca os municipios da Lama, Cerdedo-Cotobade e Beariz. Explotarase pegmatita, unha rocha rica en litio e feldespatos que se utiliza na industria tecnolóxica. O litio é un mineral fundamental na tecnoloxía militar e utilízase tanto en equipamentos como en armamento.

Esta explotación mineira enmárcase, por tanto, no Plan de Rearmamento da UE para destinar a súa materia prima á carreira armamentística. Unha aposta polo rearme que vai implicar un maior gasto de fondos públicos e que, necesariamente, implicará a redución do gasto social ao tempo que non redundará na mellora da seguridade, ao contrario, servirá para seguir a alimentar a escalada belicista facendo seguidismo da xeoestratexia atlantista aos ditados da OTAN e os EUA.

En definitiva, o proxecto de mina de Doade, a pesar dos seus problemas ambientais e a afectación social, pode verse agora acelerado e facilitado en ras da política de rearme e de non dependencia comercial. A apertura da mina de Doade foi rexeitada hai catro anos polo risco de contaminación das augas, non



pode consentirse que a carreira armamentística sexa a que agora condicione e obrigue a iniciar a actividade mineira.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Que consideracións realiza o Goberno a respecto da inclusión na primeira lista de proxectos estratéxicos de materias primas da UE da mina galega de Doade (Ourense)?
2. Tiña coñecemento previo o Goberno desta elección? Foi consultado ou informado por parte da Comisión Europea? En caso afirmativo, Deu luz verde ao proxecto da mina de Doade en Beariz?
3. Sabe que a autorización do proxecto da mina de Doade en Beariz xa foi denegada pola Xunta de Galiza no ano 2020 tras un informe negativo da Concesión de Explotación por parte da Confederación Hidrográfica do Miño Sil debido á súa afectación aos acuíferos da zona? Como pode agora autorizarse se se trata do mesmo proxecto?
4. Considera vixente o informe negativo da Confederación Hidrográfica Miño Sil de fai catro anos? De ser así, vai oporse á apertura da mina? En caso contrario, como explica o cambio de posición?
5. Respectaranse os trámites e expedientes ambientais preceptivos a pesar do impulso por parte da UE da regulación de exprés?
6. Comparte o Ministerio que neste caso a UE está a primar os seus intereses de favorecer a industria militar e armamentística sobre a preservación do medio e os impactos que a mina vai ter nos Concellos da Lama, Cerdedo-Cotobade e Beariz?



7. Que valoración fai o Goberno do cambio nas políticas comunitarias dos últimos anos baseadas na aprobación de pretendidos plans e medidas verdes, para a sustentabilidade e loita contra o Cambio Climático, mentres que agora pretenden acelerar os procesos burocráticos para aprobar proxectos mineiros sen importar o impacto ambiental e o coste social como no caso da mina de Doade?

Madrid, a 19 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**